

I CONCURSO DE MÚSICA LOCAL

O Concello de Vilalba, a través da Concellería de Cultura, convoca o I Concurso de Música Local co obxectivo de apoiar as propostas musicais no eido municipal, divulgando e dando a coñecer os seus traballos, así como premiando a creatividade e innovación das persoas e grupos participantes.

BASES

1.Participación.

a) Poderán concursar todas as persoas que integran grupos de música, asociacións, dúos ou calquera outra proposta musical de Vilalba, consolidados ou de nova creación.

b) Polo menos unha das persoas que formen parte do grupo deberá estar empadroadada no concello de Vilalba.

b) Poderán participar menores de idade sempre que no grupo/dúo ou similar figure como mínimo unha persoa maior de idade. As/os menores deberán acompañar unha autorización do pai, nai ou titor/a legal.

En todo caso, cando se trate de dúos ou grupos sen personalidade xurídica, deberá designarse unha ou un representante por todos as/os compoñentes, co que se entenderán todas as cuestións relativas ó presente concurso e para todos os efectos. Non obstante, deberán constar os datos persoais de todos os compoñentes (nome e apelidos, DNI e domicilio fiscal).

No caso de persoas xurídicas legalmente constituídas as actuacións serán realizadas co representante legal, debendo achegar certificado do mesmo así como os correspondentes Estatutos.

2. Sobre as pezas musicais.

a) Admítese a concurso calquera xénero musical, con letra e música orixinais, ou, en todo caso, sen dereitos de autor sobre a mesma.

b) No caso de participacións de solistas, deberá facerse cargo da música e letra (música e voz).

c) A responsabilidade sobre o contido das composicións presentadas, o rexistro da súa autoría e as posibles implicacións legais en caso de denuncias por plaxio, recaerá sobre as persoas inscritas.

d) Non se aceptarán letras con mensaxes de odio ou ofensivas.

e) As pezas terán unha duración máxima de 3 minutos.

3. Presentación de solicitudes

As/os interesados en participar deberán presentar a seguinte documentación no rexistro xeral de xeito presencial, ou a través da Sede Electrónica, dende a data de publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia **ata as 23:59 horas do día 30 de xuño de 2022.**

BASES APROBADAS POR XUNTA DE GOBERNO O 13 DE ABRIL DE 2022

Fdo. A Secretaria

Ana M.^a Rubiera Álvarez



Concello de Vilalba

- a) Formulario de inscrición ao concurso (Anexo I)
- b) Dossier do grupo/dúo ou similar (presentación, integrantes, estilo musical, descrición da peza presentada a concurso).
- c) Fotografía actual do grupo/dúo ou similar.
- d) Copia do DNI de cada participante e, de ser o caso, NIF de entidade xurídica e certificado de representación, xunto con copia dos Estatutos vixentes.
- e) Autorización expresa para a participación no concurso en caso de ser un/ha participante menor de idade (Anexo II).

Os temas a interpretar deberán enviarse ao email cultura@vilalba.es en formato mp3 ou mp4 (audio ou vídeo), despois de presentar a solicitude e a documentación pertinente e dentro do prazo establecido. No asunto do correo deberá figurar o nome do grupo e o título da peza.

4. Proceso de selección e xurado

a) O xurado será nomeado mediante resolución da alcaldía, e estará composto por persoas vencelladas ao eido musical. Estará presidido pola Concelleira de Cultura ou persoa que a substitúa, e actuando de secretario/a o/a técnica/o de cultura ou persoa que a substitúa.

O xurado realizará unha preselección de entre todas as solicitudes presentadas atendendo aos seguintes **critérios**:

- _ Calidade musical: 3 puntos.
- _ Orixinalidade: 3 puntos.
- _ Interpretación: 3 puntos.
- _ Letra: 3 puntos.

- Nesta primeira fase, o xurado seleccionará de entre todos os traballos presentados, un máximo de 10.

- Na fase final, as propostas seleccionadas como finalistas serán convocadas para unha actuación en directo á que deberán asistir obrigatoriamente, e da que saíran as propostas gañadoras.

b) A composición do xurado farase pública na páxina web <https://www.vilalba.gal/> e na Sede Electrónica do concello.

c) O xurado reserva para si o dereito a non admitir aquelas pezas que atenten contra os dereitos á intimidade ou que conteñan, a modo enunciativo pero non limitativo, connotacións racistas, sexistas e/ou discriminatorias.

BASES APROBADAS POR XUNTA DE GOBERNO O 13 DE ABRIL DE 2022

Fdo. A Secretaria

Ana M.^a Rubiera Álvarez

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE



5. Premios

a) Outorgaranse dous premios ás mellores propostas musicais de entre os finalistas do concurso que actúen o día proposto pola organización.

1º PREMIO – 1.000€

2º PREMIO – 500€

b) O primeiro premio tamén será obsequiado coa **gravación en estudo da peza musical** galardoada e a gravación dun **videoclip** da mesma.

c) Estes premios estarán suxeitos ás retencións fiscais establecidas na lexislación vixente.

d) Os premios aboaranse a través dunha **transferencia bancaria**, previa presentación do certificado co número de conta.

e) O financiamento dos premios farase con cargo á aplicación orzamentaria 323.48942

6. Publicación

A organización do concurso resérvase o dereito de publicar a información dos grupos/dúos ou similar, así como a peza musical presentada a este concurso na súa páxina web, www.vilalba.gal, e nas súas redes sociais. Coa participación neste concurso, os/as responsables das propostas musicais autorizan ó Concello de Vilalba á difusión das mesmas e á do nome dos intérpretes e creadoras/es na súa páxina web e/ou ou nos medios que consideren oportunos. No caso dos participantes menores de idade, achegarán a devandita autorización do pai, da nai ou do titor/a legal. A organización respectará, en todo caso, os dereitos morais que os/as autores/as posúan sobre as súas obras.

7. Tratamento de datos persoais

Os datos persoais dos participantes, serán tratados con toda a rigorosidade que esixe a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, tratándose todos os seus datos de acordo aos dereitos establecidos no seu Título III e conforme ao mandato establecido na Constitución Española (art.18), relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos seus datos e ás restricións concernentes á circulación dos datos persoais achegados polos participantes á organización deste concurso.

O Concello de Vilalba comprométese a tratar en todo momento os seus datos de carácter persoal de forma absolutamente confidencial e de acordo coas finalidades previstas nas presentes bases.

8. Observacións

a) A organización do concurso ten a capacidade de decidir sobre a interpretación das bases en última instancia ou sobre a súa modificación en caso de erro sendo a súa decisión inapelable.

b) O certame poderá declararse deserto se as propostas participantes non acadan a calidade necesaria, segundo o criterio do xurado.

BASES APROBADAS POR XUNTA DE GOBERNO O 13 DE ABRIL DE 2022

Fdo. A Secretaria

Ana M.^a Rubiera Álvarez



Concello de Vilalba

c) O feito de participar neste certame implica a total aceptación das súas bases, así como a aceptación das decisións da organización e do fallo do xurado.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE.

BASES APROBADAS POR XUNTA DE GOBERNO O 13 DE ABRIL DE 2022

Fdo. A Secretaria

Ana M.^a Rubiera Álvarez

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

